

VERSIÓN CASTELÁN

CONVOCATORIA DE CONTRATOS PREDOUTORAIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Preámbulo

ÍNDICE

Aspectos xerais

Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria

Artigo 2. Normativa aplicable

Artigo 3. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Artigo 4. Comunicación entre a USC e as persoas interesadas

Artigo 5. Requisitos xerais das persoas solicitantes

Características das actuacións e réxime económico

Artigo 6. Orzamento da convocatoria

Artigo 7. Concorrencia e réxime de compatibilidade dos contratos

Artigo 8. Características xerais dos contratos

Artigo 9. Composición da comisión de avaliación

Artigo 10. Dereitos e obrigas do persoal investigador en formación.

Artigo 11. Renuncias, interrupcións e incorporación de reservas.

Artigo 12. Avaliación da actividade formativa pre doutoral.

Plan propio de captación de persoal investigador predoutorais en formación USC-santander

Artigo 13. Prazo e forma de presentación das solicitudes

Artigo 14. Contido e documentación da solicitude

Artigo 15. Revisión das solicitudes

Artigo 16. Avaliación e selección das solicitudes

Artigo 17. Proposta de resolución

Artigo 18. Resolución de concesión e réxime de recursos



ANEXO I. Baremación por áreas de coñecemento

ANEXO II. Declaración responsable

Preámbulo.

A Universidade Santiago de Compostela creou unha carreira investigadora propia a través do Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG N°107 do 6 de xuño de 2022), co obxectivo de dar estabilidade a este colectivo e potenciar a continuidade das investigacións que desenvolven. No primeiro nivel desta carreira atópase o persoal investigador predoutoral en formación, modalidade contractual establecida pola Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, cuxo obxecto e a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e novedoso.

O doutoramento é un proceso de aprendizaxe complexo que ten por obxecto formar doutores e doutoras de calidade, con preparación para enfrontarse a unha carreira investigadora e académica competitiva coas mellores garantías de éxito.

Non se pode obviar que este tamén é o primeiro paso na carreira académica universitaria, na que un dos principais problemas na actualidade é a idade media dos corpos docentes, que se sitúa en 55,7 anos no conxunto de universidades públicas españolas e que na USC ascende a 58,3. Por maior abastanza, no Sistema Universitario Español un 25,9% do profesorado de corpos docentes está en proceso de xubilación (60 ou máis anos), mentres que na USC esa cifra elévase ao 32,7%, cun 10,3% de profesorado que ten máis de 67 anos.

É necesario, por tanto, corrixir esta situación con accións a longo prazo que permitan renovar o persoal, incorporando persoal en formación que nutra no futuro a carreira académica, e atender especialmente aquelas áreas de coñecemento nunha peor situación.

Neste marco, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) quere impulsar un Plan propio de captación de persoal investigador predoutoral en formación, en colaboración co Banco Santander, co obxectivo de contribuír á promoción e mellora da calidade da educación superior, da actividade investigadora, do desenvolvemento e da innovación universitaria.

Este plan completase con outra convocatoria específica con financiamento do Convenio de colaboración para o Campus Terra, que actualmente se atopa en proceso de resolución..

En canto aos criterios para a selección, a selección contempla que o 60% da puntuación final de cada persoa aspirante se obteña sobre a media do seu expediente académico de acceso ao doutoramento, establecendo unha nota mínima de 6 puntos. O 40% restante da puntuación final obterase da puntuación asignada a cada área de coñecemento (Anexo I) en función de dous parámetros:

- A relación entre os contratos predoutorais captados pola área nos tres últimos anos e o número de créditos matriculados que representa a súa carga docente.
- O número de profesores/as de máis de 62 anos adscritos á área, corrixidos en función da capacidade docente da área de coñecemento.

A selección rexerese polo disposto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i para as convocatorias ordinarias.

Artigo 1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

O obxecto da presente resolución que se realiza en réxime de concorrencia competitiva é a de promover a formación de doutores que realicen unha tese doutoral nalgún dos programas de doutoramento ofertados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en calquera das áreas de coñecemento establecidas. Convocanse 7 axudas para contratos predoutorais

Artigo 2. Normativa aplicable

A selección para as contratacións desta convocatoria rexeráse polos principios de publicidade, mérito e capacidade co obxecto de garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva, de conformidade co Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da Universidade de Santiago de Compostela.

Os contratos rexeráse polo Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG N°107 do 6 de xuño de 2022). Así mesmo, será de aplicación o disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

A contratación do persoal investigador predoutoral realizarase respectando os principios establecidos na Recomendación da Comisión Europea, de 11 de marzo de 2005, relativos a Carta europea e o Código de conduta para a contratación de persoal investigador.

Artigo 3. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento de selección será a Vicerreitoría de Política Científica da USC.

O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións de selección será o reitor ou persoa en quen delegue.

Artigo 4. Comunicación entre a USC e as persoas interesadas

A comunicación de todas as actuacións que se realicen no procedemento realizarase a través dos medios electrónicos que se establecen nesta convocatoria.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Reitoría publicará a listaxe de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, no seu caso, as causas de exclusión no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) A utilización dos medios electrónicos establecidos será obrigatoria tanto para a notificación ou publicación dos actos administrativos que se diten.

O resto dos trámites previstos nesta convocatoria poderán notificarse mediante publicación na páxina web da USC ou mediante o procedemento de notificación a través de Sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 5. Requisitos xerais das persoas solicitantes

1. Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da Universidade de Santiago de Compostela, a presente convocatoria está destinada á contratación de titulados/as universitarios/as que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:
 - a) Atoparse en posesión dun título oficial español de grao, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, sempre que se superaran, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto das dúas ensinanzas.
 - b) Así mesmo, poderán acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a Máster de acordo co establecido no artigo 18 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de Máster.
 - Estar en posesión dun título oficial español de Grao, cuxa duración, sexa de polo menos 300 créditos ECTS.
 - Os titulados universitarios que, previa obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superasen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.
 - c) Que a data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo europeo de educación superior (EEES) sexa igual ou posterior ao **1 de xaneiro de 2018**.
 - d) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de Máster Universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento a outros efectos que o do acceso a ensinos de Doutoramento.
2. Non poderán ser solicitantes, nin acceder á contratación que se incentiva, quen se atope en calquera das seguintes circunstancias:

- a) Ter iniciado a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas á formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese doutoral que se outorgaron no marco do Plan Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica ou dalgún dos anteriores Plans Nacionais, de axudas predoutorais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como calquera outro programa de formación predoutoral.
- b) Estar en posesión do título de Doutor, por calquera universidade española ou estranxeira.

Artigo 6. Orzamento da convocatoria

A contía total para os contratos predoutorais é de **350.000 €** para esta convocatoria e financiarase con cargo á partida orzamentaria 8050-359R-64000 do orzamento de gasto da USC para o ano 2023, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 7. Concorrenza e réxime de compatibilidade dos contratos

Os contratos financiados serán incompatibles coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do persoal investigador en formación contratado e coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial, cando iso prexudique á finalidade investigadora e formativa do contrato e/ou se produza no seu mesmo horario, así como coa percepción doutras axudas ou bolsas que teñan unha finalidade análoga.

Poren, os contratos serán compatibles coas percepcións que procedan de axudas:

- a) Para asistencia a congresos e reunións científicas.
- b) Para estancias breves e traslados temporais, concedidas por organismos públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que a súa duración non supere na súa totalidade, os 6 meses ao longo do período de duración da axuda.

As persoas contratadas deberán comunicar á USC a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

O persoal investigador contratado ao abeiro desta convocatoria poderá colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas anuais, a petición propia e co informe favorable do director ou directora de tese e a autorización do departamento correspondente, respectando en todo caso a normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Estas colaboracións non poderán supor unha redución da carga docente do departamento que as asigne.

Artigo 8. Características xerais dos contratos

Os contratos terán unha duración de dous anos. Poderán prorrogarse por un ano máis no caso de que exista dispoñibilidade orzamentaria.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato predoutoral, prevista no Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de

apoio a investigación (DOG num.237 de 24 de novembro, modificado DOG 180 do 17 de setembro de 2021 e modificado DOG Nº107 do 6 de xuño de 2022) e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE do 2 de xuño), con dedicación a tempo completo.

Para poder desfrutar deste contrato, será requisito indispensable estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no momento da sinatura do contrato

De conformidade cos artigos 20 e 21 da citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, a consecución da titulación de doutoramento porá fin á etapa de formación do persoal investigador, e a partir dese momento dará comezo a etapa posdoutoral. O persoal investigador en formación ten a obriga de comunicar a data da súa lectura de tese cunha antelación de 15 días naturais a que esta se produza, ante a Subárea de Convocatorias e Programas de RRHH a través do correo electrónico: investigacion.rrhh@usc.gal, co fin de formalizar unha addenda ao contrato de traballo na que recolla que o obxecto do contrato será a orientación posdoutoral por un período máximo de 12 meses e sempre e cando a totalidade do contrato non exceda dos 3 anos de duración.

A retribución salarial que recibirá o persoal investigador en formación durante este período axustarase ao establecido no Acordo sobre clasificación profesional e condicións retributivas do persoal investigador de apoio a investigación USC (DOG 180 de 17/09/2021). As pagas extraordinarias abonaranse prorrateadas mensualmente na devandita retribución.

Ademais do financiamento para a contratación das persoas seleccionadas, de ser o caso, poderase engadir unha axuda adicional para cubrir gastos derivados da realización de estadias en centros de I+D durante o tempo de vixencia do contrato.

En relación coa axuda adicional poderase conceder unha única axuda para unha estadia de duración máxima de 3 meses e mínima de 1 mes, que estará financiada con 1.000 € por mes. Ademais, poderase complementar con 500 € para viaxes por cada persoa contratada.

As estadias deberán ter unha duración mínima dun mes de forma ininterrompida, contados a partir da data de incorporación ao centro receptor.

As estadias deberán asegurar un grao de mobilidade e/ou internacionalización á que non se accedeu por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia ou nacionalidade, e en ningún caso ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

As estancias deberán asegurar un grao de mobilidade e/ou internacionalización á que non se accedeu por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia ou nacionalidade, e en ningún caso ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

As estadias poderanse realizar noutros centros de I+D, públicos ou privados, incluíndo empresas, estranxeiros ou españois, sempre que os centros estean situados fóra de Galicia.

En todo caso, deberán ser autorizadas pola Vicerreitoría de Política Científica, a través do seguinte formulario:

[Sistema de Autenticación Centralizado \(usc.es\)](https://usc.es)

Artigo 9. Composición da comisión de avaliación

Constituirase unha comisión para a avaliación de todas as solicitudes presentadas nas dúas modalidades de conformidade co disposto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal

investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da na Universidade de Santiago de Compostela.

Estará constituída por cinco membros que formen parte do persoal docente ou investigador de recoñecido prestixio, e que representen ás grandes áreas de coñecemento, nomeados polo reitor, con vinculación laboral fixa ou funcional na institución á que pertencen. Na conformación da comisión, tanto de titulares como de suplentes, tenderase á paridade entre mulleres e homes.

O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao previsto na Sección 3ª, do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, relativo aos órganos colexiados.

Os membros das comisións deberán absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réximexurídico do Sector publico. Por maior abastanza, seralles requirida pola USC unha declaración de ausencia de conflito de intereses. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorra algunha das circunstancias anteriormente citadas.

Artigo 10. Dereitos e obrigas do persoal investigador en formación

A USC deberá:

- a) Proporcionar ao persoal investigador contratado o apoio necesario e facilitarlle a utilización das instalacións, equipos e medios materiais, formativos ou de calquera outro tipo que resulten precisos para o adecuado desenvolvemento da súa actividade.
- b) Velar polo desenvolvemento adecuado do programa de doutoramento, sen que poida esixirse ao persoal investigador en formación a realización de calquera outra actividade que non estea relacionada co desenvolvemento da súa investigación ou da formación específica requirida.

De maneira xeral, as persoas contratadas terán as seguintes obrigas:

- a) Comunicar á Vicerreitoría de Política Científica a data do acto de defensa e aprobación da tese doutoral do persoal investigador en formación contratado no prazo mínimo de 10 días hábiles antes de que se produza.
- b) Comunicar á Vicerreitoría de Política Científica as renuncias, interrupcións e demais incidencias durante a vixencia do contrato no prazo máximo de 10 días hábiles desde que se produzan.
- c) Cumprir con aproveitamento as distintas etapas de realización da tese, de participación en proxectos de investigación aos que se atope incorporado e de formación docente.
- d) Axustarse ás normas de funcionamento do centro de adscrición da USC, en canto a

dedicación, función que debe desempeñar, horarios e vacacións.

- e) Realizar o seu labor no centro de adscrición e coñecer e cumprir as normas de seguridade e saúde laboral do centro no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- f) Solicitar autorización á Universidade para calquera ausencia temporal de conformidade coa normativa que as regule.
- g) En caso de renuncia ao contrato, deberá comunicala á Vicerreitoría de Investigación cunha antelación mínima de 15 días naturais, a través do correo electrónico investigacion.rrhh@usc.es
- h) Presentar os informes requiridos nesta convocatoria.

Artigo 11. Renuncias, interrupcións e incorporación de reservas.

As renuncias das persoas seleccionadas que se produzan previamente á sinatura do contrato poderán dar lugar á incorporación de candidatos/as de reserva.

Poderase propoñer un novo contrato de acordo coa prelación sinalada na lista de agarda derivadas da selección prevista nesta convocatoria coa condición de que éste teña unha duración mínima dun ano, tendo en conta que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións e polo tempo restante de aproveitamento da axuda.

Durante o período de contrato predoutoral, as persoas contratadas poderán solicitar a interrupción e a prórroga da duración do contrato correspondente ao tempo da suspensión se produzan polas seguintes causas:

- a) Nacemento.
- b) Adopción.
- c) Garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) Risco durante o embarazo.
- e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.
- f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.
- g) Incapacidade temporal por causas distintas as do punto anterior por un período mínimo dun mes.
- h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Artigo 12. Avaliación da actividade formativa predoutoral

A Vicerreitoría de Política Científica solicitará á comisión académica do programa de doutoramento o informe de seguimento anual dos traballos relativos á investigación das persoas doutorandas.

O persoal contratado presentará ante a Vicerreitoría de Política Científica un informe final que terá por obxecto acreditar se a persoa beneficiaria leu a súa tese doutoral, e no caso de non tela defendido, indicar en que situación se atopa a evolución da súa tese.

Artigo 13. Prazo e forma de presentación das solicitudes

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro da USC.
2. As solicitudes de participación serán presentadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 5, de conformidade co procedemento que se describe neste artigo.
3. A presentación de solicitudes constará de dous actos.
 - a. Presentación da solicitude de participación na devandita convocatoria a través da plataforma electrónica do Banco Santander.

<http://app.becas-santander.com/program/becas-santander-investigacion-contratos-predctorales-usc-2023>

- b. O proceso de presentación de solicitudes finalizará coa achega da documentación requirida a través da Sede Electrónica da USC. A ligazón estará dispoñible na plataforma electrónica do Banco Santander.

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no apartado anterior teranse por desistidas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 14. Contido e documentación da solicitude

1. Realizada a presentación de solicitude na plataforma do Banco Santander, e cubertos os datos requiridos, o proceso finalizará coa presentación na Sede Electrónica da USC na que deberá anexarse a seguinte documentación:
 - a) Copia do pasaporte en vigor, unicamente no caso das persoas estranxeiras non residentes en territorio español.
 - b) Copia do expediente académico de grao e/ou máster onde figuren expresamente as cualificacións de todas as materias, tal e como se establece no apartado a) do artigo 5 desta convocatoria.

No caso de que a persoa interesada realizase os seus estudos de grao, e de máster no seu caso, nunha Universidade española distinta da USC deberá remitir certificado académico correspondente ás titulacións que se posúa ou ás ensinanzas superadas na data de presentación da solicitude, expedido ou facilitado pola institución académica.

No certificado deberán figurar as cualificacións obtidas e datas de obtención destas correspondentes ás materias que constitúen o programa das titulacións ou ensinanzas que se recollan.

Cando se trate dunha titulación obtida en centros estranxeiros deberán facer constar unha certificación de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros.

(<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-ao-cidadan/catalogo/gestion-titulos/estudos-universitarios/titulos-estranxeiros/equivalencia-notas-medias.html>)

- c) Declaración responsable dun/a profesor/a da área de coñecemento para a que a persoa candidata realiza a solicitude, onde declare o seu compromiso para dirixir o seu traballo de tese doutoral cuxo modelo se recolle no anexo II desta convocatoria.
- d) Plan de investigación, que se vai a realizar para a obtención do grao de doutor/a, cunha extensión máxima de 3.000 palabras, asinado pola persoa investigadora e pola persoa que se compromete a dirixir a tese, no que consten especificamente, polo menos, os seguintes aspectos:
 - Obxectivos e contidos básicos do traballo.
 - Metodoloxía.
2. En aplicación do artigo 5.1 desta convocatoria, as persoas candidatas unicamente poderán presentar unha solicitude para unha das áreas de coñecemento que figuran no Anexo I. A área de coñecemento á que se vinculará a súa solicitude deberá ser a área de coñecemento pertencente á persoa que se compromete a dirixir a tese da persoa candidata.
3. No formulario electrónico de solicitude da USC, farase constar a declaración responsable por parte da persoa solicitante de non gozar, previamente á presentación da solicitude, dun contrato predoutoral.
4. A presentación dunha solicitude implica o consentimento para a comunicación a terceiros dos datos recolleitos na mesma, con obxecto do tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 15. Revisión das solicitudes

O órgano instrutor efectuará a revisión das solicitudes presentadas, verificando tanto o contido e a documentación achegada como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria cuxa comprobación non requira de ningunha valoración científica ou técnica.

Se, como resultado da devandita revisión, se detectase o incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na convocatoria ou se detectasen na solicitude erros emendables, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días a través da Sede electrónica da USC, formule alegacións, emende a falta ou achegue a documentación preceptiva, con advertencia de que se non o fixese teráselle por excluído do procedemento ou desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 17 da orde de bases e o artigo 68 da Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, respectivamente.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados

na solicitude. Se do exame das solicitudes e da documentación presentada se desprendese que omiten información esencial para o proceso de avaliación ou conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o órgano de instrución poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante resolución na que se fará constar tal circunstancia, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais a que houbese lugar. Poderanse solicitar cantos informes se estimen necesarios para resolver o procedemento.

Artigo 16. Avaliación e selección

A puntuación máxima de selección das candidaturas será de 100 puntos, como resultado da suma da puntuación obtida en relación aos seguintes criterios:

- Méritos xerais. Nota media do expediente académica, ata un máximo de **60 puntos**
- Méritos específicos. Avaliación da traxectoria académica e profesional da persoa candidata realizada pola comisión, ata un máximo de **40 puntos**.

A nota media de selección resultante expresarase con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

1. Avaliación e puntuación da solicitude.

A avaliación terá en conta a suma da puntuación obtida nos seguintes méritos:

a) Méritos xerais (valoración máxima 60 puntos sobre 100)

A Nota Media de Selección calcularase e expresarase con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

Nota media do expediente académico da persoa candidata. As persoas propostas deberán obter polo menos unha nota mínima de 6 puntos sobre 10 no expediente académico que lle dea acceso ao programa de doutoramento da área de coñecemento para a que presenta solicitude.

Será calculada de acordo cos seguintes criterios:

No caso de persoas candidatas que concorran con ensinanzas conducentes á obtención do título de graduada ou graduado de menos de 300 créditos, diplomada ou diplomado, enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, arquitecta técnica ou arquitecto técnico e mestra ou mestre, e que teñan acreditado o título de máster, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente. Neste caso, o cálculo realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X * C1 + M * C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

- **X**: nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

- **M:** nota media obtida no máster ou equivalente.
- **C1:** créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.
- **C2:** créditos superados no máster ou equivalente.

b) **Méritos específicos (valoración máxima 40 puntos sobre 100)**

Puntuación da área de coñecemento á que pertence o PDI que se compromete a dirixir a tese das persoas aspirantes. Estas puntuacións figuran recollidas no anexo I desta convocatoria. Esta puntuación valorarase de 0 a 40 puntos.

2. Selección de solicitudes

A comisión de avaliación, unha vez valoradas todas as solicitudes, elaborará unha proposta provisional de concesión por orde de puntuación adquirida por cada persoa solicitante, así como, unha lista de solicitudes de reserva para substituír á persoa proposta para concesión nos supostos de renuncia por parte desta.

A lista de agarda ordenarase de acordo coa puntuación total obtida no proceso de selección.

Artigo 17. Proposta de resolución.

De conformidade co previsto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, o órgano competente para a instrución, á vista do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional. Esta proposta será publicada no taboleiro electrónico da USC e, con carácter complementario na páxina web da Vicerreitoría de Política Científica da USC. A proposta de resolución conterá a relación das persoas solicitantes seleccionadas e as listaxes de agarda e os eixos con que se vinculan.

Artigo 18. Resolución de selección e réxime de recursos

Publicarase a resolución definitiva por parte do reitor da Universidade.

Contra a resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que a ditou se a resolución fóra expresa, no prazo dun mes ou, se non o fose, a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo máximo para a resolución do procedemento, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, se a resolución fóra expresa, ou de seis meses se non o fose, de acordo co disposto nos artigos 9.1.c) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

ANEXO I. PUNTUACIÓN DÁS ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A MODALIDADE A (PLAN PROPIO DE CAPTACIÓN DE INVESTIGADORES/AS PREDOUTORAIS USC-SANTANDER)

Gran Área	Área	Puntuación parámetro 1	Puntuación parámetro 2	Total
Arte e Humanidades	Arqueoloxía	12,33	16,35	28,68
Arte e Humanidades	Ciencias e Técnicas Historiográficas	12,58	17,31	29,89
Arte e Humanidades	Filoloxía Alemá	12,73	16,35	29,08
Arte e Humanidades	Filoloxía Catalá	13,13	16,35	29,48
Arte e Humanidades	Filoloxía Francesa	13,57	18,27	31,84
Arte e Humanidades	Filoloxía Grega	12,97	18,27	31,24
Arte e Humanidades	Filoloxía Inglesa	12,51	18,27	30,78
Arte e Humanidades	Filoloxía Italiana	13,26	19,23	32,50
Arte e Humanidades	Filoloxía Latina	12,98	16,35	29,33
Arte e Humanidades	Filoloxía Románica	13,21	17,31	30,51
Arte e Humanidades	Filoloxías Galega e Portuguesa	12,71	25,00	37,71
Arte e Humanidades	Filosofía	12,97	17,31	30,28
Arte e Humanidades	Filosofía Moral	12,95	19,23	32,18
Arte e Humanidades	Historia Antiga	12,54	19,23	31,77
Arte e Humanidades	Historia Contemporánea	12,21	16,35	28,56
Arte e Humanidades	Historia da Arte	11,69	19,23	30,92
Arte e Humanidades	Historia da Ciencia	13,06	17,31	30,37
Arte e Humanidades	Historia de América	12,85	18,27	31,12
Arte e Humanidades	Historia Medieval	12,86	19,23	32,09
Arte e Humanidades	Historia Moderna	12,11	21,15	33,26
Arte e Humanidades	Lingua Española	13,32	16,35	29,67
Arte e Humanidades	Lingüística Indoeuropea	13,09	17,31	30,40
Arte e Humanidades	Lingüística Xeral	13,04	16,35	29,39
Arte e Humanidades	Literatura Española	11,47	13,46	24,93

Arte e Humanidades	Lóxica e Filosofía da Ciencia	12,52	19,23	31,75
Arte e Humanidades	Música	12,36	17,31	29,66
Arte e Humanidades	Prehistoria	12,67	18,27	30,94
Arte e Humanidades	Teoría da Literatura e Literatura Comparada	12,75	17,31	30,06
Ciencias	Álgebra	13,27	23,08	36,35
Ciencias	Análise Matemática	13,80	15,39	29,18
Ciencias	Antropoloxía Física	13,07	17,31	30,38
Ciencias	Astronomía e Astrofísica	13,06	18,27	31,33
Ciencias	Bioloxía Celular	12,53	16,35	28,88
Ciencias	Botánica	13,32	20,19	33,51
Ciencias	Ecoloxía	12,54	14,42	26,97
Ciencias	Edafoloxía e Química Agrícola	13,00	12,50	25,50
Ciencias	Electromagnetismo	12,64	16,35	28,98
Ciencias	Electrónica	13,16	17,31	30,47
Ciencias	Estatística e Investigación Operativa	13,55	18,27	31,82
Ciencias	Física Aplicada	13,12	13,46	26,58
Ciencias	Física Atómica, Molecular e Nuclear	7,98	8,65	16,63
Ciencias	Física da Materia Condensada	9,58	16,35	25,93
Ciencias	Física Teórica	8,77	11,54	20,31
Ciencias	Fisioloxía Vexetal	13,44	19,23	32,67
Ciencias	Matemática Aplicada	13,87	12,50	26,37
Ciencias	Nutrición e Bromatoloxía	12,99	19,23	32,22
Ciencias	Óptica	12,99	16,35	29,34
Ciencias	Química Analítica	11,97	13,46	25,43
Ciencias	Química Física	13,56	11,54	25,10
Ciencias	Química Inorgánica	12,97	18,27	31,24
Ciencias	Química Orgánica	0,00	6,73	6,73
Ciencias	Tecnoloxía de Alimentos	13,38	16,35	29,72
Ciencias	Xeometría e Topoloxía	12,26	22,12	34,38

Ciencias	Zoología	12,72	19,23	31,96
Ciencias da Saúde	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	13,36	16,35	29,70
Ciencias da Saúde	Anatomía e Embrioloxía Humana	14,03	22,12	36,15
Ciencias da Saúde	Anatomía Patolóxica	13,33	19,23	32,56
Ciencias da Saúde	Bioquímica e Bioloxía Molecular	14,02	19,23	33,25
Ciencias da Saúde	Ciencias Clínicas Veterinarias	13,02	0,00	13,02
Ciencias da Saúde	Cirurxía	14,77	21,15	35,92
Ciencias da Saúde	Dermatoloxía	13,45	18,27	31,71
Ciencias da Saúde	Enfermaría	14,38	18,27	32,65
Ciencias da Saúde	Estomatoloxía	13,59	18,27	31,86
Ciencias da Saúde	Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica	10,19	15,39	25,58
Ciencias da Saúde	Farmacoloxía	12,08	12,50	24,58
Ciencias da Saúde	Fisioloxía	6,71	21,15	27,86
Ciencias da Saúde	Histoloxía	13,48	20,19	33,67
Ciencias da Saúde	Medicina	14,81	23,08	37,88
Ciencias da Saúde	Medicina e Cirurxía Animal	12,74	20,19	32,94
Ciencias da Saúde	Medicina Legal e Forense	11,60	16,35	27,94
Ciencias da Saúde	Medicina Preventiva e Saúde Pública	13,78	16,35	30,12
Ciencias da Saúde	Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	13,64	17,31	30,95
Ciencias da Saúde	Microbioloxía	13,42	18,27	31,69
Ciencias da Saúde	Obstetricia e Xinecoloxía	13,41	17,31	30,72
Ciencias da Saúde	Oftalmoloxía	13,32	20,19	33,51
Ciencias da Saúde	Optometría	12,96	19,23	32,19
Ciencias da Saúde	Otorrinolaringoloxía	13,42	18,27	31,69
Ciencias da Saúde	Parasitoloxía	13,67	20,19	33,86
Ciencias da Saúde	Pediatría	13,67	19,23	32,90
Ciencias da Saúde	Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos	12,86	20,19	33,05
Ciencias da Saúde	Produción Animal	13,37	20,19	33,56
Ciencias da Saúde	Psicobioloxía	12,91	13,46	26,38

Ciencias da Saúde	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	14,71	22,12	36,82
Ciencias da Saúde	Psicoloxía Social	13,95	20,19	34,14
Ciencias da Saúde	Psiquiatría	13,63	20,19	33,82
Ciencias da Saúde	Radioloxía e Medicina Física	13,11	19,23	32,34
Ciencias da Saúde	Sanidade Animal	12,97	18,27	31,24
Ciencias da Saúde	Toxicoloxía	13,67	20,19	33,86
Ciencias da Saúde	Traumatoloxía e Ortopedia	13,49	18,27	31,76
Ciencias da Saúde	Uroloxía	13,41	18,27	31,68
Ciencias da Saúde	Xenética	11,68	15,39	27,07
Ciencias Sociais e Xurídicas	Análise Xeográfica Rexional	12,21	14,42	26,64
Ciencias Sociais e Xurídicas	Antropoloxía Social	13,57	16,35	29,91
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencia Política e da Administración	13,14	17,31	30,45
Ciencias Sociais e Xurídicas	Comercialización e Investigación de Mercados	13,57	19,23	32,80
Ciencias Sociais e Xurídicas	Comunicación Audiovisual e Publicidade	13,90	19,23	33,13
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Administrativo	13,05	17,31	30,36
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Civil	13,83	17,31	31,14
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Constitucional	13,25	17,31	30,56
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	13,18	18,27	31,45
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Eclesiástico do Estado	13,05	18,27	31,32
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Financeiro e Tributario	13,32	16,35	29,67
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Internacional Privado	12,87	17,31	30,18
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	13,44	18,27	31,71
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Mercantil	13,67	17,31	30,98
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Penal	13,26	18,27	31,53
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Procesual	13,46	20,19	33,65
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Romano	13,25	19,23	32,48
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Corporal	13,97	16,35	30,32
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Musical	14,04	15,39	29,42
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Plástica	14,14	17,31	31,44

Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Lingua e a Literatura	14,57	15,39	29,95
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Matemática	14,00	14,42	28,42
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica das Ciencias Experimentais	14,25	13,46	27,71
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica das Ciencias Sociais	13,94	14,42	28,36
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica e Organización Escolar	15,00	7,69	22,69
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Aplicada	13,88	21,15	35,03
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Cuantitativa (propia da USC)	14,27	19,23	33,50
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Financeira e Contabilidade	14,48	7,69	22,17
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía, Socioloxía e Política Agraria	13,17	15,39	28,55
Ciencias Sociais e Xurídicas	Filosofía do Dereito	13,12	18,27	31,39
Ciencias Sociais e Xurídicas	Fundamentos de Análise Económica	14,09	18,27	32,36
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia do Dereito e das Institucións	13,11	17,31	30,42
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia e Institucións Económicas	13,32	18,27	31,59
Ciencias Sociais e Xurídicas	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	14,51	17,31	31,81
Ciencias Sociais e Xurídicas	Organización de Empresas	13,92	13,46	27,39
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía Básica	13,70	20,19	33,89
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía Organizacional, Xurídica Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	12,30	19,23	31,54
Ciencias Sociais e Xurídicas	Socioloxía	14,66	16,35	31,01
Ciencias Sociais e Xurídicas	Teoría e Historia da Educación	12,47	19,23	31,70
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xeografía Física	13,06	15,39	28,45
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xeografía Humana	13,40	16,35	29,74
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xornalismo	13,82	16,35	30,16
Enxeñaría e Arquitectura	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	13,05	16,35	29,40
Enxeñaría e Arquitectura	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	11,36	10,58	21,94
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Agroforestal	12,94	8,65	21,60
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	13,12	13,46	26,58
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría da Construción	13,00	17,31	30,31
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría do Terreo	12,99	17,31	30,30
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes	13,02	16,35	29,36

Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Hidráulica	12,77	17,31	30,08
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Química	10,01	12,50	22,51
Enxeñaría e Arquitectura	Expresión Gráfica da Enxeñaría	13,12	15,39	28,51
Enxeñaría e Arquitectura	Linguaxes e Sistemas Informáticos	14,72	16,35	31,06
Enxeñaría e Arquitectura	Máquinas e Motores Térmicos	13,00	17,31	30,31
Enxeñaría e Arquitectura	Produción Vexetal	12,81	14,42	27,23
Enxeñaría e Arquitectura	Proxectos de Enxeñaría	13,17	18,27	31,44

ANEXO II. Declaración responsable.

 	
<p>ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VINCULACIÓN DE TESE</p> <p>CONTRATO PREDOUTORAL USC</p>	
DATOS DA PERSOA CANDIDATA	
Apelidos, nome:	
DNI:	
Tfn. Móbil:	Enderezo electrónico:
<div style="border: 1px solid black; padding: 2px;">+</div>	
DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA DIRECTORA DA TESE DE DOUTORAMENTO	
Apelidos, nome:	
Departamento:	
Área de coñecemento á que pertence:	
Código do grupo de investigación:	
<p>DECLARA Que ao abeiro da convocatoria propia de contratos <u>predoutorais</u> da USC, se compromete a dirixir a tese de doutoramento da persoa candidata indicada neste documento no caso de ser beneficiara dunha axuda desta convocatoria.</p>	
<i>A persoa directora da tese de doutoramento</i>	<i>Sinatura da persoa candidata.</i>
:	
Santiago de Compostela,	